



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 26 DE DECEMBRO DE 2019,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Proxecto de Lei de Pesca Continental de Galicia.

DECRETOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Decreto polo que se establece o procedemento para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira polo persoal laboral fixo do Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se modifica o Decreto 204/2012, do 4 de outubro, polo que se crea o Rexistro Galego Sanitario de Empresas e Establecementos Alimentarios.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA, CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto de carácter plurianual e a concesión de pagamentos á conta por un importe superior ao 80% da porcentaxe subvencionada na convocatoria da Fundación Galicia Europa de cinco bolsas de formación, dirixidas a persoas cun título universitario ou cun título de técnico superior de formación profesional, para a realización de prácticas en asuntos relacionados coa Unión Europea, por un importe total de oitenta e tres mil euros (83.000,00 €).

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación da obra denominada Conversión en autovía do corredor Nadela-Sarria. Treito: A Pobra de San Xiao-Sarria Centro. p.q. 13+500-24+000, clave LU/17/005.01, por importe de vinte e catro millóns seiscientos



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

cincuenta e un mil novecentos noventa e catro euros con trinta e cinco céntimos (24.651.994,35€) e un valor estimado de vinte millóns trescentos setenta e tres mil cincocentos corenta e nove euros con cinco céntimos (20.373.549,05€).

- Acordo polo que se autoriza a contratación da obra denominada VAC Tui - A Guarda. Treito: enlace A-55 – enlace de Areas, p.q. 0+000-0+630, clave PO/16/121.01, por importe de vinte e un millóns douscentos dezaioito mil cincocentos corenta e cinco euros con trinta e cinco céntimos (21.218.545,35 €) e un valor estimado de dezasete millóns cincocentos trinta e cinco mil novecentos oitenta e sete euros con oitenta e nove céntimos (17.535.987,89 €).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual por parte da Axencia Galega de Innovación (GAIN) da Consellería de Economía, Emprego e Industria, en relación coas axudas para o fomento da contratación de profesionais de alta cualificación para a realización de actividades de I+D+i e transferencia nas empresas e organismos de investigación en Galicia, Programa Talento Senior, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020, por un importe total de novecentos sesenta mil euros (960.000,00 €).

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

- Acordo polo que se autoriza eximir da obriga da presentación de garantías polo importe dos pagamentos anticipados e á conta, de acordo co artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como a superación do límite do 80% nos pagamentos parciais, de conformidade co artigo 62.2 do citado Regulamento na Orde conxunta da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e da Consellería de Economía, Emprego e Industria, para a concesión en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas e outras accións de fomento nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i e pola que se procede á súa convocatoria para o exercicio 2020 por importe de catorce millóns novecentos vinte mil euros (14.920.000,00€).

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e a Comisión para o Intercambio Cultural, Educativo e Científico entre España e os Estados Unidos de América en materia de cultura, por un importe total de cento corenta mil euros (140.000,00 €).



CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social a establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollida no Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia, na Orde pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o funcionamento das escolas infantís 0-3 dependentes de entidades privadas de iniciativa social e se procede á súa convocatoria para o ano 2020. Importe: catro millóns cento setenta e catro mil trescentos sesenta euros (4.174.360,00€).

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre as axudas para persoas en risco de exclusión social.
- Informe sobre a nova convocatoria do programa Principia.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe sobre a orde de axudas a entidades sociais con cargo ao 0,7% do imposto sobre a renda das persoas físicas.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre a Orde do 12 de decembro de 2019 de axudas para investimentos produtivos, incremento da eficiencia enerxética e fomento da reconversión das empresas acuícolas a fontes de enerxía renovables, e para a obtención de servizos de asesoramento de carácter técnico, científico, xurídico, ambiental ou económico no ámbito da acuicultura, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP).

A NOVA LEI DE PESCA CONTINENTAL APOSTA POR IMPULSAR A REMUDA XERACIONAL E UN MODELO DE PESCA SUSTENTABLE CAPAZ DE XERAR EMPREGO E RIQUEZA NO RURAL

- ***O Consello da Xunta emite informe favorable sobre o anteproxecto da nova Lei pesca continental que agora inicia a súa tramitación en sede parlamentaria***
- ***Unha das novidades que recolle o texto é a creación das Escolas de río que, xunto co fomento da formación e da educación nesta materia, será a medida de referencia para incentivar e implicar os máis novos nesta modalidade deportiva***
- ***A nova lei promove unha reordenación e clasificación das masas de auga, co obxectivo de facer da pesca un motor de fomento do turismo e canalizador das actividades tradicionais e do patrimonio ictícola da Comunidade***
- ***A implantación dun sistema de autoguiado para os exemplares de reo capturados é outra das medidas que garantirá a sustentabilidade da pesca, fomentando a corresponsabilidade na xestión***
- ***Destaca a tipificación como conduta moi grave a pesca de especies ameazadas sen que se devolvan ás augas de xeito inmediato; mentres que a devolución ás augas dun especie exótica invasora se considerará grave***

O Consello da Xunta na súa reunión desta mañá deu o visto e praxe á nova Lei de pesca continental coa que se quere dar resposta a dous grandes obxectivos, como son impulsar a remuda xeracional dos pescadores na Comunidade e implantar un modelo de pesca sustentable no tempo que, ao mesmo tempo, sexa capaz de xerar emprego e riqueza no medio rural, e que poña en valor os recursos naturais e piscícolas.

A nova Lei de pesca, que agora inicia a súa tramitación parlamentaria, substitúe a actual norma (Lei 7/1992) con máis de 27 anos de vixencia, pon o foco na necesidade de achegar aos máis novos esta modalidade deportiva, polo que para fomentar a participación das xeracións máis novas, a Lei prevé a creación de escolas de río, coas que se pretende implicar e educar os máis pequenos na conservación dos ecosistemas acuáticos continentais, favorecendo a remuda xeracional. As actividades formativas e de educación nesta materia facilitarán incrementar e mellorar o coñecemento, por parte da sociedade, dos aspectos ambientais, sociais e económicos ligados á pesca, así como pola conservación e o mantemento dos cursos fluviais para facilitar unhas óptimas condicións para a pesca.

Nese sentido, o Consello tamén foi informado da convocatoria a comezos de 2020 dunha orde de axudas dirixida ás entidades colaboradoras de pesca fluvial para fomentar a riqueza piscícola. Así, Medio Ambiente destinará 125.000 euros para que os coutos leven a cabo accións de vixilancia de tramos de pesca fluvial e desenvolvemento de actividades formativas e divulgativas.

Así mesmo, para afianzar a remuda xeracional, os rapaces de ata 14 anos poderán practicar a pesca sen expedir a correspondente licenza, e todos os menores de idade quedarán

exentos do pagamento das correspondentes taxas de obtención de licenza, gozando así mesmo de gratuidade nos permisos para a práctica da pesca sustentable.

Estas medidas tamén son unha garantía para implantar na Comunidade un modelo de pesca sustentable, que tamén sexa fornecedora do desenvolvemento turístico, económico e social no medio rural. Así, co fin de fomentar o turismo ligado á práctica da pesca, prevese a posibilidade de outorgar concesións de aproveitamentos piscícolas en encoros e lagoas a empresas turísticas, manténdose así mesmo a posibilidade actual de regular unha reserva de permisos de pesca para o fomento desta actividade nas augas que se determinen.

Deste xeito, tamén se apostou por unha clasificación das masas de auga, que agora serán pescables, libres ou de réxime especial, ou non pescables, que neste caso poderán ser vedados de pesca ou reservas piscícolas.

Pola súa vez, as augas pescables de réxime especial divídense en coutos de pesca, masas de auga de especial interese para a riqueza piscícola e como novos, os escenarios deportivos- sociais e de formación e augas de pesca de aproveitamento privado, cos que se pretende potenciar o turismo de pesca nos ríos galegos, ao tempo que representa unha medida efectiva para fomentar a pesca entre os nenos, facilitar a práctica entre a xente da terceira idade e tamén permite o adestramento aos competidores; buscando activar a economía da pesca nos períodos de veda, cun beneficio directo sobre as zonas rurais.

Galicia é unha rexión na que unha porcentaxe elevada dos seus pescadores practican o modelo tradicional da pesca deportiva extractiva e apostan por pescar en zonas libres (máis que nos coutos).

Outra das novidades é o establecemento dun sistema de autoguiado para os exemplares de reo (identificación das capturas), de modo que será o pescador o que comunique á Administración os datos das capturas realizadas. Este é un aspecto novo que incorpora a Lei, que xa existe noutros países da Unión Europea, e que supón un exemplo de corresponsabilidade na xestión por parte dos pescadores.

Unha medida importante desde o punto de vista da conservación que incorpora a nova lei é a especial protección das actividades tradicionais de pesca continental de carácter etnográfico, coa finalidade de garantir a transmisión, promoción e posta en valor de técnicas tradicionais de pesca, que se consideran representativas da cultura e forma de vida tradicional galega, utilizadas nunha determinada zona ou por un determinado colectivo. Entre elas, destacan as pesqueiras do río Ulla e as estacadas do río Tea, para a pesca da lamprea.

Aspectos técnicos

A nova Lei de pesca, que consta de 88 artigos, 15 disposicións e 7 títulos, tamén introduce unha serie de aspectos de carácter técnicos innovadores, como o feito de prohibir o emprego de substancias ou aparellos paralizantes, tranquilizantes, atraentes ou repelentes de peixes; mentres que os pesos que conteñan chumbo quedarán prohibidos no momento

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

en que se dispoñan dun material análogo que os poida substituír. En canto ás repoboacións, estas deberán facerse exclusivamente con especies autóctonas e contarán cunha planificación previa da consellería.

Sobre o réxime sancionador, simplifícanse a clasificación das categorías de infraccións, eliminando a categoría de menos graves reducindo o importe cando o infractor recoñeza a súa responsabilidade ou efectúe o pagamento en período voluntario. Tamén se dedica unha atención especial á reparación do dano causado e á reposición da situación alterada ao seu estado anterior, aspectos que poden ser materialmente tan importantes como a mesma tipificación da infracción e a determinación da sanción aplicable.

Por último, destaca o recoñecemento por lei de novas condutas infractoras, como devolver ás augas exemplares de especies exóticas invasoras (grave) ou a pesca de especies ameazadas sen que se devolvan ás augas de xeito inmediato (moi grave).

A XUNTA APROBA O DECRETO QUE PERMITIRÁ FUNCIONARIZAR DE XEITO VOLUNTARIO O PERSOAL LABORAL FIXO DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

- *Nas vindeiras semanas empezaranse a convocar 1.424 prazas para poder desenvolverlas no primeiro semestre de 2020*
- *O decreto dispón do aval do Consello Consultivo e previamente foi negociado cos sindicatos e contou co voto favorable de UGT e CC.OO.*
- *O Goberno galego impulsa o primeiro proceso de funcionarización da historia da autonomía, que busca unificar o réxime laboral dos empregados públicos da Xunta*
- *Estes profesionais seguirán ocupando o mesmo posto de traballo e non sufrirán perdas retributivas*
- *O proceso é totalmente voluntario e o 95% do persoal laboral fixo da Xunta solicitou acollerse a este proceso*
- *Os procesos selectivos serán de concurso-oposición, tal e como establece o Estatuto básico do empregado público*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto que regula os procesos de funcionarización do persoal laboral fixo da Administración autonómica. Este trámite permitirá convocar nas vindeiras semanas estes procesos de conformidade coas ofertas públicas de emprego dos anos 2018 e 2019, e que recollen as primeiras 1.424 prazas para estes procedementos de funcionarización totalmente voluntarios.

Para axilizar este proceso, unha medida moi demandada polos traballadores e organizacións sindicais, a Xunta xa estivo negociando previamente cos sindicatos as distintas convocatorias e contou co voto favorable de UGT e CC.OO. O Goberno galego levou este decreto hoxe ao Consello unha vez que xa dispón do aval do Consello Consultivo de Galicia. A previsión é que estes primeiros procesos se desenvolvan no primeiro semestre de 2020.

Este é o primeiro proceso de funcionarización da historia da autonomía e está previsto no Acordo de Concertación Social do Emprego Público de Galicia asinado entre a Xunta e os sindicatos a principios deste ano. É un proceso de carácter voluntario que habilita o persoal laboral fixo incluído no ámbito de aplicación do Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta que superou un proceso selectivo para ter esa condición de persoal laboral fixo, para adquirir a condición de persoal funcionario de carreira a través dun procedemento selectivo específico.

Estes profesionais seguirán ocupando o mesmo posto de traballo e non sufrirán perdas retributivas, á vez que consolidan a percepción do complemento de carreira profesional, que estaba supeditado á superación deste proceso.

Convocatorias

As convocatorias que se publicarán nas vindeiras semanas recollen a funcionarización dun primeiro bloque de categorías de persoal laboral fixo nos grupos A1, A2, C1, C2 e as agrupacións profesionais (AP) de persoal funcionario.

Hai que ter en conta que o 95% do persoal laboral fixo que presta servizos na Xunta de Galicia solicitou acollerse o pasado ano a este proceso de funcionarización. O proceso selectivo que deberá superar para converterse en funcionario será de concurso-oposición, tal e como se establece no Estatuto do empregado público (EBEP).

En todo caso, trátase dunha proba de características diferentes ás establecidas para un proceso selectivo ordinario pois non é un proceso competitivo como sucede nun proceso selectivo de acceso libre.

En consecuencia, este procedemento non ten por obxecto o acceso á Administración nin o ascenso de escala ou categoría, senón a transformación voluntaria en funcionarios dos traballadores que xa teñen unha praza fixa na Administración como persoal laboral fixo. É dicir, o persoal laboral fixo poderá converterse en funcionario de carreira accedendo a unha categoría equivalente á que actualmente ocupa. Ademais, o proceso de funcionarización é distinto e independente dos procesos de promoción interna do persoal funcionario, que permiten o progreso profesional a través dun ascenso a unha praza dun grupo superior.

A finalidade deste procedemento é unificar o réxime xurídico aplicable ao persoal que presta servizos na Administración da Xunta de Galicia, para eliminar así a disparidade de réximes xurídicos aplicables ao persoal e cumprir o principio xeral de que os postos de traballo nas administracións públicas deben ser desempeñados por persoal funcionario.

SANIDADE INCLÚE NOVAS ACTIVIDADES NO REXISTRO GALEGO SANITARIO DE EMPRESAS E ESTABLECEMENTOS ALIMENTARIOS

- ***Deberán inscribirse no Regasa os depósitos de alimentos, puntos de venda de produtos alimenticios e complementos alimenticios e as xeadarías***
- ***O Regasa rexistra as empresas e establecementos alimentarios de comercio polo miúdo existentes en Galicia, de xeito que, ante unha situación de perigo, se poida localizar inmediatamente o foco de orixe***
- ***O Consello da Xunta aproba o novo decreto que recolle a obrigatoriedade de que todas as comunicacións sexan por vía electrónica***

O Consello da Xunta aprobou esta mañá un decreto que modifica o anterior Decreto 204/2012 sobre a creación do Rexistro Galego Sanitario de Empresa e Establecementos Alimentarios (Regasa). Os cambios inclúen novas actividades que non estaban especificadas no anterior texto normativo. Así mesmo, recolle unha mellor descrición das actividades que xa estaban reguladas.

Debido ao dinamismo das actividades comerciais, este decreto de modificación do Regasa actualiza a definicións e clasificacións. Concretamente introduce catro novos códigos para distintos tipos de actividades como os depósitos de alimentos; os puntos de venda de produtos alimenticios tales como bazares ou drogarías; os puntos de venda de complementos alimenticios, como poden ser ximnasia, centros de beleza ou tendas de deportes; e as xeadarías. Ademais, a nova normativa cambia o nome dos establecementos de restauración comercial sen comedor independente e os de restauración comercial con comedor independente, que pasan a denominarse restauración comercial I e restauración comercial II, respectivamente.

Outras das novidades é a obrigatoriedade de presentar as comunicacións por vía electrónica. Así, coa entrada en vigor da nova normativa, tanto a comunicación previa de inicio de actividade como a comunicación de modificación de calquera dos datos de información obrigatoria ou cesamento de actividade deberán realizarse a través do portal <https://sede.xunta.gal>

As modificacións efectuadas no texto normativo teñen como finalidade última a protección da saúde pública e os intereses das persoas consumidoras finais. Mediante o exercicio pola Administración sanitaria das súas funcións de control e inspección. Este control realízase tanto sobre as empresas e establecementos sometidos á obriga de inscrición no Regasa como sobre o exercicio das súas funcións, entre as que se atopan as fases específicas da cadea alimentaria (manipulación de alimentos, fabricación ou elaboración), así como o almacenaxe, distribución ou venda.

O Rexistro Galego Sanitario de Empresas e Establecementos ten como finalidade rexistrar as empresas e establecementos alimentarios de comercio polo miúdo existentes en Galicia,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

de xeito que a autoridade sanitaria poida exercer as súas competencias de control e que, ante unha situación de perigo, se poida localizar inmediatamente o foco de orixe.

No Regasa deben inscribirse as empresas con sede, domicilio ou que exerzan algunha actividade na comunidade autónoma galega, e que dita a actividade consista exclusivamente en manipular, transformar, envasar, almacenar ou servir alimentos para a súa entrega “in situ” ao consumidor final ou a colectividades, así como cando fornezan a outros establecementos destas mesmas características. O rexistro ten un carácter público e informativo respecto ao nome comercial, número de rexistro, enderezo postal e actividade de empresa ou establecemento rexistrado.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA A CONVOCATORIA EN 2020 DE CINCO BOLSAS PARA FORMAR A PROFESIONAIS EXPERTOS EN ASUNTOS EUROPEOS

- ***O Consello da Xunta aprobou hoxe esta iniciativa, que se vén levando a cabo anualmente por parte da Fundación Galicia Europa (FGE)***
- ***Catro dos beneficiarios estarán destinados na oficina de Bruxelas, e un na oficina da FGE en Santiago de Compostela***

O Consello da Xunta aprobou hoxe a convocatoria da Fundación Galicia Europa (FGE) de cinco bolsas destinadas a titulados universitarios ou técnicos superiores de formación profesional para formarse en asuntos relacionados coa Unión Europea.

Trátase dunha convocatoria que a FGE vén levando a cabo anualmente para potenciar o coñecemento e a formación sobre a UE en Galicia. Desde 2009, e incluíndo a próxima convocatoria, lévase investido nestas bolsas máis de 1,1 millóns de euros para formar 90 persoas e contribuír á súa inserción no mercado laboral.

Do total de cinco bolsas, catro estarán dirixidas á persoas cun título universitario, e unha para técnicos superiores de formación profesional. As destinadas aos titulados universitarios distribúense do seguinte xeito: tres para a formación en asuntos comunitarios (dúas delas para a oficina de Bruxelas e unha para a sede da FGE en Santiago de Compostela) e unha para a formación en comunicación das políticas comunitarias e da participación galega en asuntos europeos. A bolsa destinada a técnicos superiores de formación profesional será para a realización de prácticas de secretariado e apoio administrativo en Bruxelas. O programa formativo das bolsas terá unha duración de 12 meses.

Poderán optar á obtención das bolsas as persoas que reúnan unha serie de requisitos, entre eles ser natural de Galicia, ser fillo/filla de galegos ou acreditar, mediante empadramento, residencia en Galicia polo menos desde os dous anos anteriores á publicación da convocatoria e posuír o título académico necesario para os diferentes tipos de bolsa.

O prazo de presentación de solicitudes e da documentación complementaria será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*, que se prevé que teña lugar nos vindeiros días. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN DAS OBRAS DA 1ª FASE DE CONVERSIÓN EN AUTOVÍA DO CORREDOR NADELA-SARRIA, CUN INVESTIMENTO DE 24,6 MILLÓNS DE EUROS

- ***O Goberno galego iniciará nos vindeiros días a contratación desta actuación, que conta cun prazo de execución de 24 meses, para comezala a mediados do 2020***
- ***Os propietarios dos terreos afectados están convocados os días 13 e 16 de decembro para o levantamento de actas previas á súa ocupación***
- ***O gasto previsto nas expropiacións é de 257.000 euros***
- ***A intervención consiste na construción dunha nova calzada paralela á existente, sobre a marxe esquerda en sentido A Pobra de San Xiao-Sarria, para dotar este tramo de dúas calzadas de dous carrís por sentido e mantendo o trazado actual***
- ***Os traballos inclúen a adaptación dos enlaces da Pobra de San Xiao, Sarria norte e Sarria Centro, que conectan en distintos puntos a actual CG-2.2 coa LU-546***
- ***Para o Goberno galego a vía de altas prestación Lugo – Sarria – Monforte é unha infraestrutura estratéxica, conseguindo ser nos seus poucos anos de vida unha das principais vías de vertebración do interior de Galicia***
- ***Esta estrada, cuxo último treito se puxo en servizo en novembro de 2015, permitiu conectar a cidade de Lugo e a capital de Lemos nuns 45 minutos, cun investimento da Xunta de 135 millóns de euros desde o ano 2009***

O Consello da Xunta autorizou hoxe o gasto para a contratación das obras da 1ª fase de conversión en autovía da vía de altas prestacións Nadela – Sarria, no tramo entre A Pobra de San Xiao e Sarria centro, cun orzamento autonómico de máis de 24,6 millóns de euros.

Con este acordo, o Executivo galego completa a tramitación necesaria para poder licitar o desdoblamento da vía de altas prestacións Lugo – Sarria – Monforte, no treito de 11,5 km, entre A Pobra de San Xiao e Sarria centro.

Nos vindeiros días a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ten previsto formalizar a licitación dos traballos, que contan cun prazo de execución de 24 meses, co obxectivo de poder iniciar a súa execución a mediados de 2020.

Os propietarios dos terreos afectados están convocados os días 13 e 16 de decembro para o levantamento de actas previas á súa ocupación. O gasto previsto nas expropiacións é de 257.000 euros

A intervención consiste na construción dunha nova calzada paralela á existente, sobre a marxe esquerda en sentido A Pobra de San Xiao-Sarria, de xeito que se pasa dunha calzada de dous carrís a dúas calzadas de dous carrís por sentido, mantendo o trazado existente.

O proxecto inclúe a adaptación dos enlaces da Pobra de San Xiao, no punto quilométrico 13+600; Sarria norte, no 21+600, e o enlace de Sarria centro, no 23+900; e que conectan en distintos puntos a actual CG-2.2 coa LU-546. Tamén prevé a adaptación dos pasos inferiores e a reposición dos camiños de servizo afectados.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN DAS OBRAS DA VÍA DE ALTA CAPACIDADE TUI-A GUARDA ENTRE A A-55 E O ENLACE DE AREAS, CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 21,2 MILLÓNS DE EUROS

- ***O Goberno galego iniciará nos vindeiros días a contratación desta infraestrutura que constituirá a nova autovía autonómica AG-42, para iniciar a súa execución a mediados do 2020***
- ***A infraestrutura terá unha lonxitude de 630 metros e desenvolverase no Concello de Tui, iniciándose co enlace coa A-55 mediante unha glorieta elevada sobre a autovía e finalizando cun semienlace co polígono industrial***
- ***Esta intervención conseguirá unha significativa mellora na accesibilidade do polígono de Areas, mellorará a seguridade viaria do actual enlace da PO-552 e N-551 coa A-55, e tamén se mellorará a seguridade viaria na propia estrada nacional***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a licitación das obras da vía de alta capacidade Tui-A Guarda, entre o enlace coa A-55 e o polígono de Areas, cun investimento autonómico de máis de 21,2 millóns de euros. Nos vindeiros días, a licitación publicárase no *Diario Oficial de la Unión Europea* e na plataforma de contratos da Xunta de Galicia.

Coa licitación deste novo treito, a Xunta avanza na execución da VAC Tui-A Guarda de acordo coa planificación abordada cos concellos e empresarios do Baixo Miño, que trasladaron a necesidade de priorizar os primeiros quilómetros da estrada, incluíndo o enlace coa Autovía A-55 e co polígono de Areas en Tui.

As obras autorizadas hoxe teñen por obxecto a construción dun treito de nova autovía autonómica (que se denominará AG-42) que se desenvolverá integramente no termo municipal de Tui, iniciándose coa conexión coa A-55 mediante unha glorieta elevada sobre esa autovía, que vai servir de canalizador dos tráfico que se xeren neste enlace.

Desde esa glorieta partirá unha recta que se dispón totalmente en viaduto sobre a A-55 ata o punto quilométrico 0+113,43, onde enlaza cunha rampla e finaliza no semienlace de conexión co polígono de Areas no punto quilométrico 0+630. O trazado tamén inclúe un ramal de conexión de 540 metros de lonxitude, desde a A-55 ata a N-551 onde se deseña unha glorieta a nivel.

A autovía contará con dúas calzadas separadas por sentidos de circulación, de dous carrís cada unha de 3,5 metros de ancho, e beiravías exterior e interior de 2,5 metros e 1,5, respectivamente. A glorieta elevada sobre a A-55 terá dous carrís de 4 m de ancho cada un.

A intervención inclúe a execución de 2 enlaces, un coa A-55 -glorieta a distinto nivel- e co polígono de Areas, no punto quilométrico 0+630. Construiranse 5 pasos superiores, nos puntos quilométricos 0+000, 0+348, 0+640, 1+100 da estrada A-55, e 0+300 no ramal de conexión coa N-551. Tamén se executarán 2 pasos inferiores, un destinado ampliar o que existe no punto quilométrico 0+700 da A-55 e outro no 0+400 do ramal de conexión da PO-552.

Con esta intervención, ademais de retomar as obras no treito inicial da AG-42, a VAC Tui –A Guarda, conseguirase unha significativa mellora na accesibilidade do polígono de Areas,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

mellorarase a seguridade viaria do actual enlace das estradas PO-552 e N-551 coa A-55, e tamén se mellorará a seguridade viaria na propia N-551.

Na actualidade está en servizo o treito da VAC Tui–A Guarda, entre Goián e A Guarda, nun treito dunha lonxitude de 10,15 km, que percorre os concellos de Tomiño, A Guarda e O Rosal, e que se puxo en servizo en 2014.

Para facer viables os treitos pendentes, a Xunta planificou unha execución por fases que dialogou cos principais axentes insitucionais e económicos implicados e que estableceu a priorización deste treito inicial de Tui, incluíndo o enlace de Areas.

De forma paralela á licitación destas obras, a Axencia Galega de Infraestruturas está a traballar nos proxectos dos treitos restantes ata Goián.

No seguinte plano amósase a zona da intervención autorizada hoxe no Consello da Xunta:



A XUNTA APOSTA POLO TALENTO APOIANDO A CONTRATACIÓN DE PRETO DE 120 PERSOAS QUE IMPULSARÁN A INNOVACIÓN DO TECIDO EMPRESARIAL

- ***A Consellería de Economía, Emprego e Industria destina máis de 2 millóns de euros ás novas convocatorias dos programas Talento Sénior e Principia para facilitar a incorporación de persoal cualificado a empresas e organismos de investigación***
- ***Talento Sénior promove a retención e atracción de profesionais de alta cualificación con máis de cinco anos de experiencia, fomentando a contratación indefinida***
- ***A través da nova edición do Principia apóiase o desenvolvemento da carreira profesional de mozos e mozas de ata 35 anos, con axudas de 10.000 euros por contrato e, como novidade, un bono de formación de 1000 euros***
- ***Estas iniciativas complementarias forman parte do programa Talento 2021, que busca xerar, reter e atraer 1500 profesionais a Galicia para actividades de I+D+i***

A Xunta destina máis de 2 millóns de euros ás novas convocatorias dos programas Talento Sénior e Principia, coas que se prevé a contratación de preto de 120 persoas en empresas e organismos de investigación. Promóvese así a atracción e retención de talento na Comunidade, e asegúrase unha capacitación integral dos profesionais especializados en I+D+i.

Por unha banda, a través do programa Talento Sénior facilítase a incorporación de investigadores doutores e profesionais de alta cualificación con traxectorias consolidadas para que leven a cabo en Galicia proxectos de investigación, desenvolvemento e innovación en empresas, organismos de investigación non universitarios e centros tecnolóxicos. Con esta iniciativa, que conta cun orzamento de 960.000 euros, prevese apoiar un total de 15 contratacións de persoal con máis de cinco anos de experiencia na área da I+D+i.

Os incentivos da Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través da Axencia Galega de Innovación (Gain), para as entidades beneficiarias variarán en función da retribución bruta por cada contrato indefinido ou de duración igual ou superior a tres anos, no que deberán achegar ao profesional que se incorpore ao organismo un salario de cando menos 40.000 euros brutos por anualidade.

Á hora de conceder as axudas, valorarase o perfil da persoa que se vai contratar, a súa experiencia e traxectoria internacional, así como a condición de retorno e atracción. Ademais, tamén se prestará especial relevancia á presentación dun plan de igualdade de xénero no equipo do proxecto e que a persoa contratada sexa muller, primando tamén as contratacións indefinidas.

Por outra banda, vaise poñer en marcha a quinta convocatoria do programa Principia, destinado a impulsar a contratación de persoal mozo e cualificado por parte de empresas e organismos de investigación non universitarios, favorecendo o desenvolvemento da carreira profesional da xente moza para abordar actuacións de investigación, desenvolvemento e innovación en empresas, organismos de investigación e universidades. Cun orzamento de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

1,1M€, o obxectivo é favorecer a contratación de máis de 100 persoas durante un período mínimo dun ano, para o que se outorgarán axudas de 10.000 euros por contrato.

Como novidade nesta edición do Principia, as empresas, universidades e organismos de investigación en Galicia que así o soliciten poderán ser beneficiarias dun bono de formación para as persoas traballadoras subvencionadas por medio do programa por un importe de 1000 euros por contrato.

Nas catro edicións anteriores, esta iniciativa pioneira lanzada en 2016 xa ten permitido a contratación de 442 profesionais de ata 35 anos en actividades de I+D+i. A estes súmanse os 25 profesionais de alta cualificación que foron contratados no marco do programa Talento Sénior a través das dúas primeiras edicións. En total son 467 profesionais os beneficiarios de ambos programas.

Estas dúas iniciativas están incluídas no programa Talento 2021, impulsado pola Xunta para xerar, reter e atraer 1500 profesionais a Galicia para actividades de I+D+i, estimándose a mobilización de preto de 47 millóns. A través de Talento 2021 tamén se reforzan accións como o programa Ignicia, que ten permitido crear ou manter máis de 120 empregos cualificados a través do apoio a proxectos que achegan solucións ás necesidades tecnolóxicas das empresas galegas; ou o Oportunus, centrado na atracción e retención de investigadores excelentes, e das axudas aos investigadores para desenvolver a súa carreira predoutoral e posdoutoral.

A XUNTA DESTINA 14,9 MILLÓNS DE EUROS A AXUDAS PARA OS GRUPOS DE REFERENCIA MÁIS COMPETITIVOS DO SISTEMA DE I+D+i GALEGO

- ***Con cargo a esta convocatoria conxunta da Consellería de Educación e da Consellería de Economía a través de GAIN, finánciase a actividade investigadora dos grupos de referencia competitiva (modalidade A), os grupos de potencial crecemento (modalidade B) e os proxectos de persoal investigador con traxectoria excelente (modalidade C)***
- ***A convocatoria continuada desas axudas desde o ano 2011 permite manter unha actividade investigadora constante e, a día de hoxe, posibilita o traballo de máis de 230 grupos de investigación no Sistema universitario Galego***

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, en colaboración coa Consellería de Economía, Emprego e Industria a través da Axencia Galega de Innovación (GAIN), destinará un total de 14,92 millóns de euros no período 2020-2024 a axudas para os grupos de referencia máis competitivos da I+D+i galega, co fin de seguir dotando o sistema de estabilidade e impulsando a súa excelencia.

A convocatoria vai dirixida ás tres universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG), aos organismos públicos de investigación en Galicia, ás fundacións de investigación sanitaria e aos centros do CSIC (Consello Superior de Investigacións Científicas) e do IEO (Instituto Español de Oceanografía) radicados en Galicia.

A convocatoria deste ano, ademais do apoio a grupos de referencia competitiva (modalidade A) e grupos de potencial crecemento (modalidade B), introduce unha terceira, para o financiamento de proxectos de persoal investigador con traxectoria excelente (modalidade C). Ademais, mantense o criterio de ter en consideración o liderado das mulleres nas propostas presentadas, co fin de contribuír a reducir o desequilibrio entre mulleres e homes dedicados á investigación no sistema galego de I+D+i.

O obxectivo desta liña de axudas é asegurar un financiamento estrutural e continuado, condicionado a criterios de calidade, que garanta un financiamento basal dos grupos científicos máis excelentes do sistema galego de investigación universitaria que lles permita desenvolver o seu labor de xeito estable e cunha liberdade de acción suficiente para reorientalo, de ser o caso.

Neste sentido a Xunta está afianzando o seu apoio económico para a consolidación dun sistema galego de I+D+i que camiñe cara á excelencia e cara ao recoñecemento internacional, a través de convocatorias como esta ou as dirixidas ás estruturas supragrupais (que contan este ano con case 18 millóns de euros).

Grupos de referencia competitiva

Esta modalidade A está dirixida aos grupos de referencia competitiva, caracterizados por bos índices de publicacións científicas, un nivel de captación de recursos elevado e competitivos a nivel estatal e en moitos casos internacional.

As axudas terán unha duración máxima de catro anos. O importe total de cada unha das axudas virá determinado por unha contía estrutural máis outra variable asociada á evolución na xeración de recursos por parte do grupo como un indicador xenérico da súa competencia e capacidade de consolidación, e distribuirase por anualidades de acordo cun módulo fixo anual e outro variable. A esta modalidade destínanse 8.120.000 euros.

Grupos de potencial crecemento

A modalidade B está dirixida a grupos de potencial crecemento que, sen alcanzaren os niveis de desenvolvemento dos anteriores, teñen calidade investigadora, constatable con criterios estritos, e que están na senda que os leve a ser grupos de referencia.

As axudas serán de aplicación por un período de 3 anualidades, mediante o pagamento dunha contía máxima de 20.000 € na primeira e de 35.000 € na segunda e terceira. A contía total que se mobiliza nesta modalidade ascende a 5.130.000 euros.

Proxectos de excelencia

A modalidade C está destinada ao financiamento de proxectos de persoal investigador con traxectoria excelente. Isto é, axudas para a realización de proxectos de investigación a investigadoras ou investigadores individuais que, contando cunha traxectoria excelente consolidada ou en formación, teñen que afianzar unha liña de traballo baseada en proxectos de alto impacto, fundamentalmente nos ámbitos nacional e internacional. Trátase de reforzar o labor dos científicos máis activos do sistema como os que obtiveron unha axuda do ERC (European Research Council), do Programa Ramón y Cajal e do Miguel Servet, os máis prestixiosos de Europa e de España respectivamente.

Dentro desta modalidade, en función das características dos investigadores, hai unha liña de reforzo da traxectoria investigadora consolidada e outra liña de reforzo de traxectorias emerxentes, ás que se destina un total de 1.670.000 euros nesta convocatoria.

No caso dos proxectos que se acollan á liña de traxectoria investigadora consolidada, as axudas serán de aplicación por un período de 4 anualidades, mediante o pagamento anual á institución á que pertenza a persoa que lidere o proxecto dunha contía máxima anual de 50.000 euros.

No caso dos proxectos da liña de traxectoria investigadora emerxente, as axudas serán de aplicación por un período de 5 anualidades e unha contía máxima anual de 15.000 euros.

Conceptos subvencionables

As axudas das tres modalidades poderán destinarse ao custo de contratación de persoal investigador ou auxiliar de investigación, ferramentas de xestión do coñecemento e a información (aplicacións informáticas, bases de datos, etc.), pequeno equipamento



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

inventariable e material funxible, material bibliográfico, cotas de coloquios e congresos e adhesión a sociedades científicas; e formación do persoal do grupo relacionada coa actividade obxecto da axuda mediante estadias curtas, así como a viaxes e axudas de custo de membros do grupo para a actividade obxecto da axuda.

A contratación de investigadores visitantes, a organización de actividades de difusión, a publicación dos resultados da investigación en aberto (sempre e cando sexan como consecuencia da actividade do grupo), a consultoría e asesoramento externo, os gastos derivados da elaboración dun informe de auditoría e os custos indirectos tamén serán conceptos subvencionables.



A XUNTA E A COMISIÓN FULLBRIGHT OFERTARÁN CINCO BOLSAS FORMATIVAS PARA ESTADÍAS DE ARTES NOS ESTADOS UNIDOS

- *Ambos os organismos asinarán un convenio de colaboración que recolle a realización de diferentes accións de formación, intercambio e fomento da cultura que se concretan na concesión destas axudas por importe total de 190.000 euros*
- *As estadías redundarán tanto na mellora da calidade dos traballos dos bolseiros como na súa proxección a nivel internacional, ao tempo que contribúen a promocionar a cultura galega no exterior*

A Consellería de Cultura e Turismo subscribirá un convenio coa Comisión Fullbright grazas ao que se ofertarán cinco bolsas para realizar estudos, estadías ou investigacións nos Estados Unidos no campo das artes por un importe total de preto de 200.000 euros para os anos 2020 e 2021. Galicia é a primeira Comunidade Autónoma que subscribe este tipo de acordo coa Comisión Fullbright.

O convenio prevé a realización de diferentes accións de formación, intercambio e fomento da cultura que se concretan na concesión destas bolsas a candidatos vinculados a Galicia por nacemento, residencia, formación en estudos superiores ou artísticos, ou traxectoria profesional. Estas bolsas redundarán tanto na mellora da calidade dos traballos das persoas seleccionadas como na súa proxección a nivel galego, estatal e internacional. Así mesmo, estas axudas contribuirán a promocionar e divulgar o patrimonio e cultura galegos.

A Consellería de Cultura e Turismo achegará un importe de 60.000 euros no ano 2020 e de 80.000 euros no 2021. As ditas cantidades estarán destinadas a gastos de viaxe, manutención do bolseiro, gastos de proxecto, de matrícula e taxas obrigatorias que poidan existir, así como gastos de xestión. Pola súa banda, a Comisión Fullbright colaborará economicamente cunha achega de 50.010 euros correspondente a gastos de cobertura médica e de accidentes dos bolseiros durante a súa estadía no estranxeiro, entre outros.

Así mesmo, será Fullbright a encargada de preparar e xestionar a convocatoria e o proceso de selección dos bolseiros. Deste xeito farase cargo da xestión de visados, de ofrecer sesións de orientación en España e de ofrecer unha rede de apoio nos Estados Unidos. Ademais, os bolseiros poderán participar en seminarios culturais e científicos organizados por Fullbright e, unha vez rematada a súa estadía, formarán parte da rede de antigos alumnos Fullbright do U.S. Department of State.

O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e permanecerá vixente ata a finalización da última das estadías que cubra.

A XUNTA INVISTE 4,2 MILLÓNS DE EUROS EN AXUDAS A ESCOLAS INFANTÍS DE INICIATIVA SOCIAL, UN 20% MÁIS QUE O ANO PASADO

- ***As entidades poderán financiar os gastos de persoal e de alimentación ademais de ofrecer prezos similares á rede pública autonómica***
- ***Poderán obter tamén unha axuda un 5% superior á do ano pasado para dar un novo impulso á calidade do servizo que prestan***
- ***Facilitarase o seu funcionamento mediante o anticipo do 90% da axuda, mentres que ata agora era do 80%***
- ***Durante este ano beneficiáronse desta axuda 49 entidades, o que permitiu financiar 2849 prazas***

O Consello da Xunta de Galicia deu luz verde hoxe á convocatoria de axudas para escolas infantís de iniciativa social por un valor de 4,2 millóns de euros, isto é un 20% máis que o ano pasado. Así, estas entidades poderán financiar os gastos de persoal, de alimentación e outros conceptos de mantemento ademais de ofrecer prezos similares á rede pública autonómica.

A través desta importante suba, o Goberno galego financia que ao longo de 2020 a atención educativa nas escolas infantís de iniciativa social, ao igual que as públicas e as privadas, pasen a ser 100% gratuítas para as familias a partir do segundo fillo, este incluído. Galicia comezará, pois, 2020 con máis de 25.000 prazas públicas en escolas infantís, o dobre que as rexistradas no ano 2009.

Ademais, cada escola infantil poderá obter unha axuda un 5% superior á do ano pasado para dar un novo impulso á calidade do servizo que ofrece. Isto significa que as escolas infantís con comedor e entre unha e tres aulas recibirán 21.532 euros por clase; aquelas que teñen comedor e entre catro e seis aulas recibirán 20.558 euros por clase; as que teñen comedor e sete ou máis aulas terán 19.572 euros por aula, e aquelas que non teñan comedor recibirán 17.382 euros por aula.

Outra das novidades desta convocatoria é que tamén se facilitará o seu funcionamento mediante o anticipo do 90% da axuda, mentres que ata agora era do 80%. Deste xeito, a Administración autonómica dálle un pulo moi esperado a unha liña de axudas á que accederon 49 entidades de iniciativa social ao longo deste ano e que permitiu financiar 2.849 prazas. Esta convocatoria publicárase no DOG ao longo do mes de xaneiro.

A XUNTA APROBA AS AXUDAS DO BONO ELÉCTRICO GALEGO QUE GARANTEN DURANTE 2020 A SUBMINISTRACIÓN NOS FOGARES CON MÁIS DIFICULTADES

- ***A Consellería de Economía, Emprego e Industria informa o Consello da Xunta desta orde de apoios dirixida aos consumidores que máis o necesitan para que poidan pagar a factura da luz***
- ***A iniciativa conta o próximo exercicio cun orzamento de 1,3M€, ampliable no caso de que sexa necesario***
- ***Máis de 3900 familias xa se beneficiaron este ano destas axudas autonómicas -que poden alcanzar os 450 euros- que completan o bono social estatal ao cubrir o 50% restante do recibo e garanten un acceso continuado a esta necesidade básica sen necesidade de pagamento***
- ***Para favorecer o acceso ao mercado de traballo, en 2020 porase en marcha o novo programa de Inclusión para o emprego e continuarase coas axudas ás empresas de inserción laboral e aos concellos para a contratación dos cidadáns en risco ou situación de exclusión***

A Xunta renova o seu compromiso coas familias máis vulnerables e, en 2020, contará de novo con axudas complementarias ao bono social do Estado para evitar, así, os cortes de subministración eléctrica nos fogares galegos. A través desta orde xa se aprobaron este ano máis de 3900 axudas. Ademais, dáse luz verde a outras dúas ordes de axudas dirixidas tamén a persoas en risco ou situación de exclusión para impulsar a súa inserción sociolaboral.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria convocará, en xaneiro, os apoios que se dirixen a consumidores vulnerables severos en risco de exclusión social. No caso do bono eléctrico galego, os destinatarios son persoas residentes en Galicia e titulares dun servizo de subministración eléctrica que teñan contratada a tarifa de último recurso e sexan consumidores vulnerables severos (por tanto beneficiarios do bono social estatal cun 40% de desconto) e estean en risco de exclusión social, termo que deberá ser acreditado mediante informe expedido polos servizos sociais.

Os apoios, que se outorgarán por concorrência non competitiva a todos cantos cumpran os requisitos, serán dun 50% da factura eléctrica correspondente á vivenda habitual do solicitante e terán unha contía máxima anual de 300 ou 450 euros -no caso de familias numerosas-. Esta cantidade, unida ás axudas estatais, permitirá que as familias con máis dificultades non teñan que pagar pola súa factura eléctrica, garantindo, deste xeito, o acceso continuado á subministración nos fogares máis vulnerables e dando resposta a unha necesidade básica dos cidadáns, pois non se lles poderá cortar o servizo mentres sexan beneficiarios desta axuda.

Para facilitar o acceso a estes apoios, as persoas interesadas poderán presentar as súas solicitudes tanto de xeito presencial como telemático. Por iso, habilitaranse oficinas nas catro xefaturas territoriais, en Santiago de Compostela e en Vigo.

Como mostra do compromiso coa axilidade deste procedemento, establécese un prazo máximo dun mes desde a presentación da solicitude ata a súa resolución, polo que unha vez que se comprobe que se cumpren os requisitos, realizarase o pagamento por parte da Consellería de Economía, Emprego e Industria directamente aos comercializadores de referencia cos que se renovará o protocolo de colaboración para todo este ano 2020 - Iberdrola, EDP, Endesa, CHC, Viesgo e Gas&Power-. Este pago realizarase de xeito mensual, segundo se vaian remitindo as facturas.

A Xunta destina 1,3 millóns de euros á nova convocatoria de 2020, orzamento idéntico ao deste ano, que será ampliado no caso de ser necesario.

Con esta liña de axudas, adaptada á normativa estatal, a Xunta segue fiel ao seu compromiso coas familias máis desfavorecidas que non contan coa posibilidade de facer fronte ás súas facturas eléctricas. Asegúrase, así, o acceso a unha necesidade tan básica como é a enerxía eléctrica, garantindo que non se produzan cortes no servizo, xa que a normativa estatal establece que os puntos de subministración deste tipo de beneficiarios serán considerados esenciais e, polo tanto, non se lles poderá cortar sempre e cando exista o oportuno convenio entre a Administración autonómica e as comercializadoras. Galicia xa foi pioneira nesta liña de axudas no ano 2018, cando se atenderon 1432 solicitudes. No que vai de ano, concedéronse un total de 3908 apoios, polo que en case dous anos súmanse 5340 axudas concedidas.

Axudas para a inserción laboral

Por outra parte, para favorecer a inserción sociolaboral dos cidadáns en risco ou situación de exclusión, Galicia contará o próximo ano con tres medidas enmarcadas na Estratexia galega de economía social da Xunta.

Trátase do novo programa de inclusión para o emprego, dotado con 3M€ co obxectivo de apoiar entre 5 e 10 proxectos integrais de capacitación e inserción laboral de dous anos de duración dos que se poidan beneficiar ata 500 persoas. Está dirixido a fundacións e asociacións que teñen como finalidade a inserción ou inclusión sociolaboral dos colectivos desfavorecidos, que teñan desenvolvido durante polo menos 3 dos últimos 5 programas dirixidos especificamente a este fin. Os destinatarios dos proxectos serán persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da Risga ou membros da súa unidade familiar.

A segunda iniciativa son as axudas dirixidas a empresas de inserción laboral, nas que se investirán 380.000 euros para promover a inserción sociolaboral de, ao redor, de 60 persoas en situación ou risco de exclusión social e que contan con dous tipos de apoios: un para o custo salarial destas persoas traballadoras; e outra liña para compensar os custos adicionais como apoios para a asistencia técnica, para o inicio e posta en marcha da actividade, para a creación e ampliación de novos postos, para a contratación de xerentes ou persoas técnicas de produción e de orientación, así como para a formación das persoas en proceso de inserción e para a mediación laboral.



**XUNTA
DE GALICIA**



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

A terceira iniciativa son as axudas dirixidas aos concellos para a contratación dunhas 700 persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da RISGA en 165 concellos galegos, dotada de 7,7M€.

As tres convocatorias publicaranse nas primeiras semanas do vindeiro ano co obxectivo de seguir impulsando o emprego inclusivo en Galicia.

A XUNTA DESTINA 13,9M€ PARA 367 PROGRAMAS SOCIAIS FINANCIADOS CON CARGO AO 0,7% DO IRPF, UN 11% MÁIS QUE O ANO ANTERIOR

- ***Tamén medran as entidades beneficiadas que pasan de 85 ás 97 actuais***
- ***O prazo para xustificar os gastos realizados rematará o 15 de febreiro de 2021***

O Consello da Xunta de Galicia deu luz verde á resolución de axudas a entidades do ámbito da Consellería de Política Social con cargo ao 0,7% do imposto da renda das persoas físicas (IRPF) que xestionan as comunidades autónomas. Este ano Galicia dispuxo de 13,9 millóns de euros para esta finalidade, un 11% máis que o exercicio pasado, para repartir entre entidades sociais. Desta cantidade, 500.000 diríxense á atención integral das persoas con adicións; outros 500.000 para a loita contra a violencia de xénero e o fomento da igualdade; e a maior parte, 12,9 millóns de euros, para as entidades que actúan no ámbito da Consellería de Política Social.

Neste sentido, vanse conceder axudas a 97 entidades, doce máis que o ano pasado, para que desenvolvan 367 programas, isto é un 11% máis que o ano pasado, ou o que é o mesmo, 39 programas máis.

Dentro destas iniciativas, 46 delas corresponden á área de familia e infancia, o que representa un 13%; 79 pertencen ao ámbito da inclusión social e a loita contra a pobreza, é dicir o 22%; 53 programas son da área de Xuventude e o fomento do voluntariado, un 15% do total; e 189, o 51% restante, corresponden ao eido das persoas maiores ou con discapacidade.

As entidades beneficiarias executarán os distintos proxectos subvencionados durante o vindeiro ano 2020. Para facilitar a súa xestión, as entidades recibirán un anticipo do 100% da subvención que se lles concede antes mesmo de comezar a desenvolver o programa financiado. O prazo para xustificar os gastos realizados rematará o 15 de febreiro de 2021.

GALICIA SUBVENCIONARÁ ATA O 50% DOS INVESTIMENTOS QUE FAGAN OS BATEEIROS, CONFRARIÁS E ACUICULTORES QUE FOMENTEN UNHA ACTIVIDADE SUSTENTABLE

- ***O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre a convocatoria de 2020 destas achegas destinadas a investimentos produtivos, á eficiencia enerxética e a servizos de asesoramento no ámbito da acuicultura***
- ***A elas o Executivo galego destina 10,4 millóns de euros cofinanciados co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP)***
- ***Con elas poderase subvencionar ata o 50% dos investimentos que realicen as microempresas, pequenas ou medianas empresas e ata o 30% dos investimentos que realicen as grandes empresas***
- ***Ao igual que en anos anteriores, a maioría dos proxectos aos que lle foi aprobada axuda na convocatoria de 2019, é dicir, máis do 83%, pertencen ao sector do mexillón***

Os bateiros, as confrarías de pescadores e os acuicultores que promovan unha actividade sustentable poderán beneficiarse de máis de 10,4 millóns de euros. A Xunta pon á disposición do sector esta contía no marco da convocatoria de 2020 de axudas para apoiar os investimentos produtivos, o incremento da eficiencia enerxética e o fomento do uso de fontes de enerxía renovables, así como os servizos de asesoramento técnico, científico, xurídico, ambiental ou económico no ámbito da acuicultura. A través destas achegas, cofinanciadas, co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), Galicia poderá subvencionar ata o 50% dos investimentos que fomenten unha actividade sustentable.

Así o especifica a orde que regula estas axudas, analizada hoxe nun informe sobre a convocatoria de 2020 destas achegas que se van distribuír nas anualidades 2020 e 2021. En concreto con elas poderase subvencionar ata o 50% dos investimentos que realicen as microempresas, pequenas ou medianas empresas –con menos de 250 empregados e cun volume de negocio anual igual ou inferior a 50 millóns de euros- e ata o 30% dos investimentos que realicen as grandes empresas.

A primeira das liñas conta con 10 millóns de euros e destínase aos investimentos produtivos. A través dela a Consellería do Mar poderá subvencionar, entre outros aspectos, actuacións para diversificar a produción e para modernizar as instalacións neste sector, incluíndo a adquisición de equipos. Tamén poderá subvencionar investimentos na mellora da calidade do produto ou para incrementar o seu valor.

A segunda liña de subvencións é a destinada ao incremento da eficiencia enerxética e ao uso de fontes de enerxía renovables e conta con 400.000 euros. A terceira e última é para a obtención de servizos de asesoramento de carácter técnico, científico, xurídico, ambiental ou económico e teñen como obxectivo mellorar o rendemento global e a competitividade das explotacións acuícolas e promover o respecto ambiental. A esta última liña destínanse 30.000 euros.



As achegas destinadas a investimentos produtivos e á eficiencia enerxética están dirixidas a todas as pequenas, medianas e grandes empresas mentres que das de asesoramento poderán beneficiarse microempresas e pemes. Os bateiros, confrarías e xestores de empresas de acuicultura interesados en cursar as solicitudes poderán consultar os requisitos e a documentación necesaria na orde que publicará mañá o *Diario Oficial de Galicia*. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Convocatoria de 2019

En relación coa convocatoria de 2019 destas axudas a proxectos de melloras no eido da acuicultura, a Consellería do Mar subvenciona 90 proxectos por un importe de máis de 5,2 millóns de euros, que supoñen un investimento total de máis 12 millóns de euros. Ao igual que en anos anteriores, a maioría dos proxectos aos que lle foi aprobada axuda, é dicir, máis do 83%, pertencen ao sector do mexillón.

Entre os proxectos subvencionados para o sector do mexillón ao abeiro desta convocatoria están a construción e modernización de embarcacións con distintos elementos e a modernización e construción de bateas. No caso dos proxectos na área de peixes, entre os subvencionados está a modernización de granxas acuícolas.